

## Artigo 3º.-Funcións

Serán funcións da comisión:

a) Velar para que as intervencións dos fondos sexan coherentes coas actividades, políticas e prioridades da Unión Europea e complementarias con respecto a outros instrumentos financeiros da Xunta de Galicia. Esta coherencia e complementariedade reflectirase, en particular, nas directrices estratéxicas comunitarias en materia de cohesión, no Mecega e nos programas operativos.

b) Elaborar e propoñer ao titular da Consellería de Economía e Facenda os procedementos para a efectiva coordinación entre a política de cohesión autonómica reflectida no Mecega e as correspondentes políticas sectoriais reflectidas nos plans estratéxicos das consellerías afectadas.

c) Supervisar o seguimento dos programas operativos, definindo, se fose preciso, os sistemas de información sobre os mecanismos que garantan a máis efectiva coordinación entre si dos programas operativos, incluídos os programas e intervencións do Feader e o FEP, así como as intervencións do BEI e demais instrumentos financeiros vixentes no territorio da Comunidade Autónoma.

d) Cando cumpra, fixar, para cada programa operativo, os criterios de delimitación entre as operacións apoiadas polo Feder e o FSE e as apoiadas por outros instrumentos de axuda comunitaria, así como as que se poidan producir entre o Feader e o FEP cando ambos os fondos financien actuacións no mesmo ámbito territorial.

e) O seguimento das conclusións derivadas dos controis financeiros efectuados polos distintos órganos de control, así como as medidas adoptadas polos órganos xestores para corraxir as eventuais irregularidades detectadas.

f) Aqueloutras funcións que lle encomende a Consellería de Economía e Facenda a prol dunha xestión eficaz e eficiente dos fondos comunitarios durante o vindeiro período de programación 2007-2013.

## Artigo 4º.-Réxime xurídico

O réxime xurídico da comisión aterase ao establecido para os órganos colexiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Disposición adicionalis*

## Primeira.-Regulamento interno.

Para o seu funcionamento, a presidencia da comisión elaborará un proxecto de regulamento interno, que será aprobado pola comisión no prazo de dous meses.

## Segunda.-Memoria anual.

A comisión elaborará anualmente unha memoria, que recollerá as súas actuacións e que será incorporada como anexo ás avaliacións anuais de seguimento de cada un dos fondos comunitarios.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase o titular da Consellería de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, trece de setembro de dous mil sete.

Emilio Pérez Touriño  
Presidente

José Ramón Fernández Antonio  
Conselleiro de Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN  
E INDUSTRIA**

*Orde do 17 de setembro de 2007 pola que se modifica a do 31 de xullo de 2001 pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca de Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.*

O artigo 8 da Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia faculta á Consellería de Innovación e Industria para que, logo da proposta da Comisión Galega de Artesanía, dite as normas precisas para crear distintivos que garantan a procedencia da produción artesanal galega e posibiliten a súa identificación nos mercados.

A Consellería de Innovación e Industria, mediante a Orde do 31 de xullo de 2001, pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca de *Artesanía de Galicia*, propiedade da Xunta de Galicia, creou unha imaxe gráfica, consistente nun símbolo e nun logotipo *Artesanía de Galicia* para acreditar, como distintivo, a produción artesanal do noso país. Imaxe que foi debidamente rexistrada como marca. Así mesmo, a devandita orde regula o procedemento para concesión uso e control da marca, propiedade da Xunta de Galicia, e determina a forma e contidos dos modelos que utilicen a denominación *Artesanía de Galicia*.

A experiencia na súa utilización así como as novas tendencias estilísticas e de deseño aconsellan unha actualización e modernización do distintivo da marca

e do logotipo *Artesanía de Galicia* que permita manter a súa calidade como imaxe e adecuala ao devir do tempo.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-De modificación do artigo 4 da Orde do 31 de xullo de 2001, pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca de *Artesanía de Galicia*, propiedade da Xunta de Galicia.

Modifícase o parágrafo primeiro do artigo 4 da Orde do 31 de xullo de 2001, que quedará redactado nos seguintes termos:

1. O distintivo da marca consiste nun símbolo deseñado en cores gris prata (Pantone 430 ou Pantone 877) e azul (Pantone 279) e o logotipo *Artesanía de Galicia* en cor gris prata (Pantone 430 ou Pantone 877) construído coa tipografía Avenir 45 Book, en caixa alta sen distorsións. Excepcionalmente, por cuestións técnicas de reprodución, poderá admitirse a versión en negativo (símbolo e logotipo en branco) impreso sobre un fondo escuro, preferentemente gris prata.

Artigo 2º.-De modificación da disposición derradeira da Orde do 31 de xullo de 2001, pola que se regula o procedemento para a concesión, uso e control da marca de *Artesanía de Galicia*, propiedade da Xunta de Galicia.

Modifícase a disposición derradeira da Orde do 31 de xullo de 2001, que quedará redactada nos seguintes termos:

Facúltase a dirección xeral competente en materia de artesanía para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto nesta orde.

*Disposición transitoria*

Establécese un periodo transitorio dun ano durante o cal poderán convivir o distintivo de marca e logotipo regulado na Orde do 31 de xullo de 2001 e o establecido nesta orde, que modifica o anterior. Trancorrido o devandito período, unicamente será válido o novo distintivo de marca *Artesanía de Galicia* e o novo logotipo regulado nesta orde. Durante o período dun ano os interesados deberán solicitar conforme o disposto no artigo 6 da Orde do 31 de xullo de 2001 o cambio do material coa marca e logotipo antigos polo novo.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2007.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### c) SUBSTITUCIÓN

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

*Orde do 1 de outubro de 2007 pola que se dispón que a Secretaría Xeral da Presidencia se encargue do despacho dos asuntos da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores.*

Producido o cesamento do titular da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, é necesario prover a súa suplencia, sen prexuízo do posterior nomeamento do novo titular, de xeito que se asegure o correcto funcionamento do servizo e a resolución, se é o caso, dos asuntos encomendados ao devandito órgano administrativo.

Polo tanto, en virtude das atribucións que me confire o artigo 3 do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, en relación co artigo 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º

O exercicio das competencias da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores previstas no Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, modificado polo Decreto 145/2007, do 19 de xullo, será asumido polo secretario xeral da Presidencia ata que se produza a incorporación do novo titular á devandita secretaría xeral.

Artigo 2º

Sempre que se exerzan competencias de acordo coa suplencia establecida nesta orde, deberá facerse constar así nos actos ou resolucións administrativas correspondentes.

*Disposicións derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2007.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza